




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Río Cabe
Rúa San Pedro s/n
27400 Monforte de Lemos
Tlfono. 982828034
Fax 982828047
ies.rio.cabe@edu.xunta.es



RESUMO PLAN COVID

CURSO 20/21

FAMILIAS IES RÍO CABE

1.MEMBROS EQUIPO COVID:

Teléfonos de contacto		982828034 636387808
MEMBROS	E-MAILS	CARGO
LUIS CARLOS PARADA GONZÁLEZ	lparada@edu.xunta.gal	DIRECTOR
PATRICIA BARRIENTOS FERNÁNDEZ	patriciabarrientos@edu.xunta.gal	XEFA ESTUDOS NOCTURNO
JUAN JOSE ROSENDE LÓPEZ	jrosende@edu.xunta.gal	SECRETARIO

CARMEN TORRES (Suplente)	MORAIS carmenmorais@edu.xunta.gal	XEFA ESTUDOS DIURNO
MAITE LORENZO (Suplente)	CARREIRA mcarreiral@edu.xunta.gal	VICEDIRECTORA

2. ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO:

O acceso e a saída do centro farase polas dúas portas principais, a **da rúa San Pedro** e a lateral da **rúa Cachafeiro**, en función do curso no que se atope o alumnado. Circularán sempre pola dereita e irán para a súa aula de referencia mantendo 1,5 m de distancia.

CURSO	ENTRADA	hora	SAÍDA	hora
1º ESO	PORTA RÚA SAN PEDRO	8:35h	PORTA RÚA SAN PEDRO	14:05h
2º ESO	PORTA RÚA SAN PEDRO	8:40h	PORTA RÚA SAN PEDRO	14:10h
3º ESO	PORTA RÚA CACHAFEIRO	8:35h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	14:05h
4º ESO	PORTA RÚA CACHAFEIRO	8:40h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	14:10h
1º BAC	PORTA RÚA CACHAFEIRO	8:45h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	14:15h
2º BAC	PORTA RÚA SAN PEDRO	8:45h	PORTA RÚA SAN PEDRO	14:45h

Os luns pola tarde as entradas e o horario será o seguinte:

CURSO	ENTRADA	hora	SAÍDA	hora
1º ESO	PORTA RÚA SAN PEDRO	15:35h	PORTA RÚA SAN PEDRO	17:15h
2º ESO	PORTA RÚA SAN PEDRO	15:40h	PORTA RÚA SAN PEDRO	17:20h
3º ESO	PORTA RÚA CACHAFEIRO	15:35h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	17:15h
4º ESO	PORTA RÚA CACHAFEIRO	15:40h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	17:20h
1º BAC	PORTA RÚA CACHAFEIRO	15:45h	PORTA RÚA CACHAFEIRO	17:25h
2º BAC	PORTA RÚA SAN PEDRO	15:45h	PORTA RÚA SAN PEDRO	17:25h

- En todas as entradas ó instituto estará un cargo directivo antes do hall de entrada organizando o acceso ó centro e en cada corredor estará un/unha profesor/a de garda encargándose de que o alumnado vaia entrando de xeito organizado nas súas aulas e situándose nos seus pupitres, facendo a limpeza do seu material, cadeira, etc.
- **En todas as saídas o profesorado da última clase acompañará ó alumnado na saída de clase para que o faga de xeito organizado, sempre pola dereita e gardando as distancias.**
- Non se permitirá que o alumnado, na entrada e na saída, quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos.

No ensino para adultos as entradas e saídas realizaranse pola rúa San Pedro no seu horario establecido.

3. CONSIDERACIÓNS PARA A AULA:

- **Non asistirán** ao centro aqueles estudantes que **teñan síntomas compatibles coa COVID-19**, así como **aqueles que se atopen en illamento** por diagnóstico de COVID-19, ou en período de **corentena domiciliaria** por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as **persoas en espera** de resultado de **PCR** por sospeita clínica.
- **O uso da máscara é obrigatorio en todos os espazos comúns**, nas aulas, nas entradas e saídas do centro, nos recreos, nas entradas e saídas ó comedor escolar e na biblioteca. Poderá modificarse en función da normativa. **O alumnado ten a obriga de levar unha segunda máscara de recambio.**
- Todos os pupitres estarán orientados nun mesmo sentido, en liñas mirando cara á dirección do posto do/a profesor/a. Tomando en consideración o centro da cadeira onde se sitúe o alumnado gardarase, cando menos, 1,5 metros de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

-
- Na aula, no propio pupitre, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/das compañeiros/as.
 - Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.
 - Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
 - Non se poderán usar as taquillas.
 - Non haberá perchas nas aulas, para colgar a roupa empregárase o respaldo da propia cadeira.
 - No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicaranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
 - Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que o alumnado lave as mans se non o fixo previamente.
 - Ventilárase a aula 5 minutos antes de que remate a clase e durante 5 minutos despois de empezada, e se é posible darase a clase coa porta aberta.
 - Ventilárase a aula 15 minutos antes de empezar a chegar o alumnado e outros 15 minutos, mínimo, ó rematar as clases.

- Evitarase o desprazamento do alumnado da aula, aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- **A norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.**
- **O alumnado deberá permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.**
- **No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ó/á profesor/a anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. Terán que agardar polo profesor da materia que van ter para que os acompañe no seu desprazamento ata a nova aula, e ó finalizar esa clase, ese mesmo/a profesor/a acompañaraos ata a súa aula de referencia.**
- Se houbese outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

4. USO DOS ASEOS

- **O alumnado só terá permitido ir ós aseos do corredor no que se atopa a súa aula de referencia, excepcionalmente e durante os recreos poderán usar os dos corredores da planta de abaixo.**
- **Só poderá estar 1 usuario en cada aseo.**
- **Durante as clases só se permitirá ir ós aseos en casos de forza maior e sempre avisando ó profesor/a de garda para que acompañe ó alumnado ata a porta do baño (para o cal, o delegado/a irá buscar ó profesor de garda á sala de profesores).**

- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpra a distancia nas ringleiras de entrada e saída.
- No caso do alumnado con NEE, o persoal coidador que acompañe ó alumnado ó aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

5. RECREOS

A saída ó recreo será escalonada por cursos. O/a profesor/a que imparte clase antes do recreo deberá acompañalos ata a zona que lle corresponda ó seu grupo; a distribución de zonas e horas estará colgada no taboleiro da súa aula.

ZONA 1	Xardín parte atrás / Corredor e hall salón de actos
ZONA 2	Rúa Cachafeiro / Corredor música e hall de entrada da porta da rúa Cachafeiro
ZONA 3	Rúa San Pedro / Hall de entrada ata a Secretaría-cafetería e corredor da capela
ZONA 4	Biblioteca / Mesas usadas para o comedor na cafetería
ZONA 5	Pavillón / Pistas exteriores

Disporase dun cadrante coa zona e día que lle corresponde a cada grupo na súa aula.

CURSOS	Saída lecer	Entrada	Escaleiras
1º ESO	11.05h	11.35h	Rúa San Pedro
2º ESO	11:10h	11:40h	Rúa San Pedro
3º ESO	11.05h	11.35h	Rúa Cachafeiro
4º ESO	11:10h	11:40h	Rúa Cachafeiro
1º BAC	11.15h	11:45h	Rúa Cachafeiro
2º BAC	11.15h	11:45h	Rúa San Pedro

Cada zona terá asignado un/unha profesor/a de garda de recreo que irá rotando cada día da semana e permanecerá fixo ó longo de todo o curso. Poderase modificar en función das necesidades e da evolución desta situación.

O uso da cafetería estará restrinxido coa seguinte distribución:

1º e 3º da ESO de 11.05h ata 11.15h

2º e 4º ESO de 11.20h ata 11.30h

1º e 2º BAC de 11.30h ata 11.40h

6. TITORÍAS

- Realizaranse por vía telemática fundamentalmente ou presencial segundo as necesidades do momento.
- As presenciais realizaranse previa cita e nos locais de recepción das familias.
- A familia non acudirá ó centro ata a hora que lle sexa asignada, tendo que cumprir todas as medidas de hixiene vixentes no momento da visita.
- Para as comunicacións coas familias empregaranse os medios telemáticos habituais (Abalar móbil, teléfono, correo electrónico).

Respectaranse sempre as medidas de hixiene e seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias.

7. XESTIÓN DOS ABROCHOS

Diante dun suposto no que unha **persoa ou alumno/a** da que **se sospeita** que **comeza a desenvolver síntomas** compatibles con COVID-19:

ALUMNADO MENOR DE IDADE

- **O/a profesor/a avisará ao/lá profesor/a de garda, este dará o aviso a un membro do Equipo COVID, que se poñerá en contacto coa familia do alumno/a.**

-
- O/a profesor/a de garda acompañará ao/á alumno/a á aula de illamento **Aula 258**, situada no segundo andar.
 - Colocaráselle unha **máscara cirúrxica** (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado).
 - **A familia do menor acudirá inmediatamente ao centro escolar e recollerá ao alumno. Chamarase ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta co pediatra ou o médico de cabeceira.**

ALUMNADO MAIOR DE IDADE

- **Chamará ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta ó médico de cabeceira, ou ó teléfono de referencia do SERGAS (900 400 116) e seguiranse as súas instrucións. Avisará ó Equipo Covid do centro.**

En caso de presentar **síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria** chamarase ao **061**.

- **Deberá abandonar o centro protexido/a cunha máscara cirúrxica.**

8. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS E ANPAS

- A realización de actividades dependerá da situación sanitaria na que nos atopemos ó longo do curso.
- As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.
- Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.

- Nas reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.
- Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro.
- Recoméndase **non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas**. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (**usos obrigatorio de máscara**) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de **1,5 metros entre persoas**.

9. MEDIDAS RELATIVAS AO COMEDOR

O servizo do comedor escolar é de xestión indirecta, e, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.

Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado .

As medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade serán as seguintes:

- Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado á ratio dos/das comensais que coman en cada quenda.
- Instalar mamparas ou separacións de cando menos 0,60cm de altura colocadas directamente sobre o mesado que separen alumnos/as encarados/as ou acaroados/as

polo que non será preciso respectar a distancia de 1,5 metros.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/das nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa.

No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

O protocolo a aplicar no caso dos centros que dispoñan de cafetería será o que en cada momento estea vixente para os establecementos de hostalería, incidindo en que “o uso da máscara é obrigatorio, agás no momento da alimentación. “

Antes da entrada ao comedor e á saída, o alumnado usará **xel hidroalcohólico** e terá posta unha **máscara**, agás no momento de comer. Gardará en todo momento a **distancia de seguridade (1,5 m)**

- **DE MARTES A VENRES:**

Haberá dúas quendas. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos/ás comensais que será o adecuado á ratio dos/das comensais que coman en cada quenda.

1ª Quenda : Alumnos non transportados

De martes a venres, ás 13.30h o/a profesor/a de garda baixará acompañando ao alumnado non transportado ao comedor mentres o resto permanece na aula. Mentres o alumnado está comendo, o profesor de garda subirá para continuar a devandita garda. Ás 13:55h o/a profesor/a de garda acompañará ao alumnado que rematou de comer á súa aula, para que saian á hora correspondente segundo o curso .

2ª Quenda : Alumnos transportados

O alumnado da segunda quenda permanecerá na aula co profesor correspondente ata que os da primeira quenda abandonen o centro. (14:10h) O profesorado encargado do comedor irá recollelos para que baixen ao comedor. Ao rematar o xantar sairán para os respectivos transportes.

- **LUNS:**

Haberá dúas quendas

1º Quenda : Alumnos non transportados mais o alumnado de 3º e 4º ESO

Ás 13:55h baixarán ao comedor co profesorado de garda. Permanecerán ata as 14.30h e sairán á zona correspondente de lecer cun responsable da empresa encargada do comedor.

- **2ª Quenda: Alumnado transportado máis 1º e 2º ESO**

O alumnado de 2ª quenda irá á zona de lecer que lle corresponda, cun/cunha responsable da empresa encargada do comedor ata as 14:45h, que acudirá ao comedor. Despois do xantar, voltará á zona de lecer ata a hora de entrada á aula, logo de hixienizar as mans, usando máscara e gardando a distancia de seguridade.

Entre as dúas quendas o comedor será hixienizado polo persoal de cociña.

O alumnado terá que desinfectar as mans antes de entrar no comedor e cando saia.

10. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. **Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.** No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

Os/as acompañantes da empresa de transporte aos/ás que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para unha mellor trazabilidade dos contactos.

Con carácter xeral, cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km).

No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse **ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as.** A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada.

O alumnado esperará no autobús ata que un/unha profesor/a acuda a recibilos para baixar do autobús e ir subindo ás súas aulas correspondentes de xeito escalonado; as aulas estarán abertas a partir das 8.30h e os estudantes irán realizando a limpeza do seu material.

Todo o alumnado virá no transporte coas máscaras correctamente colocadas. O alumno que non traía máscara non poderá subir ó autobús.